



A CIG-Ensino chama á nova conselleira de Educación a facer os deberes e mudar coa política educativa do goberno

O sindicato agardará a coñecer os primeiros pasos da nova conselleira malia desconfiar da vontade do goberno Feijóo de introducir os cambios e medidas demandadas polo profesorado galego

A CIG-Ensino estará vixiante, aínda que con pouca expectativas, do que dea de si o cambio de titular na Consellaría de Educación. A nova conselleira ten diante un enorme desencanto do profesorado galego cos recortes acometidos polo que agora é o seu goberno e a preocupación por non atopar receptividade na Consellaría ás demandas que lle foron trasladadas nos últimos anos, desde unha Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola CIG-Ensino no 2015 e que só contou co voto en contra do PP até a recente campaña de medidas urxentes para o profesorado galego apoiada por case 12.000 docentes galegos.

Tempo haberá de saber se estamos simplemente diante dun cambio de persoas ou o goberno Feijóo está disposto a mudar a política educativa, algo sobre o que desde a CIG-Ensino non albergamos ningunha esperanza, vista a traxectoria da Xunta nesta última década.

En todo caso, o que lle queda por diante á nova conselleira son exclusivamente os deberes que non fixo o conselleiro saínte e que son herdanza de toda a labor do goberno Feijóo desde o ano 2009. Se quere coñecer as prioridades do profesorado galego teno doado. Non son todas, mais están recollidas e salientadas naquela masiva resposta á



campaña pola recuperación dos dereitos do profesorado galego deste mesmo 2018 e que o conselleiro saínte desprezou totalmente.

- É necesario saír da senda da privatización e das políticas contrarias ao ensino público.
- É urxente mudar a política lingüística e deixar de relegar o noso idioma, rematando coa prohibición de impartir materias científicas e técnicas en galego e volvendo ao consenso previo ao actual decreto de plurilingüismo.
- Ten que dar resposta á demanda de redución do horario lectivo do profesorado, volvendo ás 18 horas en

secundaria e ás 21 en infantil e primaria.

- Ten que mellorar a atención á diversidade aumentando dun xeito notábel o profesorado específico de orientación, PT e AL.
- Hai que reducir as actuais ratios se queremos un ensino de calidade e iso só se pode facer cunha planificación seria da actual rede educativa do ensino público.
- Ten que afrontar a regulamentación das afíns, especialmente en secundaria e a redución da provisionalidade.
- É necesario negociar a estabilidade do profesorado interino.
- É preciso superar as limitacións nas ofertas de emprego para que sexamos máis profesorado. As oposicións non deben estar condicionadas polo acordo de Madrid entre o anterior goberno do PP e os sindicatos estatais: temos que recuperar a cifra de persoal docente anterior á etapa máis virulenta da crise.
- É preciso reducir a carga burocrática do profesorado, favorecendo que podamos destinar todo o noso esforzo á impartición de docencia e á coordinación didáctica e non a mover papeis e pantallas de aplicacións informáticas sen parar.
- O profesorado, como o resto do persoal da Xunta, non pode seguir penalizado economicamente por enfermarse, algo que a día de hoxe segue

plenamente en vigor, con descontos até o 20º día de baixa médica.

- Está nas súas mans rematar coas maiorías cualificadas da representación da administración na elección da dirección dos centros educativos, retornando ao poder democrático do claustro de profesorado e dos consellos escolares.

Por último, a Conselleira ten que ter en conta que vai atopar un profesorado desencantado cos pactos retributivos que nos hipotecan até o 2021 e non atenderon as demandas da maioría do profesorado. Un profesorado que ve como agora se acorda no Pacto de Toledo a intención de vincular as pensións ao IPC, na vía de non perder poder adquisitivo, mentres as políticas salariais dos diferentes gobernos xunto cos pactos salariais cos sindicatos estatais descolgaron por vez primeira este ano 2018 as nosas nóminas da carestía da vida, vinculándoas até o 2020 ao PIB, algo que debe ser anulado canto antes, garantindo unha cláusula de revisión salarial que evite que sigamos a perder poder adquisitivo, como seguiremos en todo este ano 2018.

Nos últimos tempos a Consellaría de Educación foi perdendo relevancia dentro da propia Xunta, reducindo o seu peso no reparto dos orzamentos do goberno galego. Ás portas dun novo orzamento para o 2019 será tempo de ver se se mantén ese papel secundario ou non.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal